

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2020 pola que se dispón o nomeamento dun vogal no Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, establece no seu artigo 7 o carácter e a constitución do seu consello de administración. Pola súa parte, o artigo 4, número 2, do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, do Regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, determina que o vogal representante do persoal será nomeado polo Consello de Administración por proposta do órgano ou órganos que representan o persoal do Intecmar.

En consecuencia, por proposta do Comité de Empresa do Intecmar,

DISPOÑO:

O nomeamento de Alberto Gómez Mella como vogal no Consello de Administración do Intecmar, en representación do persoal do instituto.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

